

## Dos sistemas de goberno vellos e novos

Thomas Paine

Nada pode parecer máis contradictorio cós principios nos que se fundaron os gobernos vellos, e a condición á que a sociedade, a civilización e o comercio son capaces de levar á humanidade. O goberno segundo o sistema vello é unha asunción do poder polo engrandecemento de si; segundo o novo, é unha delegación do poder, para o beneficio común da sociedade. O primeiro mantense sostendo un sistema de guerra; o segundo promove un sistema de paz, por ser este o medio verdadeiro de enriquecer unha nación. Un acirra os prexuízos nacionais; o outro promove a sociedade universal, por ser esta a quen pon os medios do comercio universal. Un mide a súa prosperidade pola cantidade de ingresos que extorsiona; o outro proba a súa virtude pola pequena cantidade de trabucos que require.

O señor Burke falou de whigs vellos e novos. Se se divirte con nomes e distincións infantís, non serei eu quen interrompa os seus praceres. Non é a el, senón ó Abade Sieyès a quen dedico este capítulo. Xa me dirixín a este último cabaleiro para debate-lo tema do goberno monárquico e, como naturalmente aconteceu ó compara-los sistemas novos e vellos, aproveito esta oportunidade para presentarlle as miñas observacións. Xa me irei ocupando ocasionalmente do Sr. Burke.

Aínda que se poida probar que o sistema de goberno que agora chaman o NOVO é en principio o máis antigo de todos cantos existiron, por estar fundado nos Dereitos do Home inherentes orixinais, porén, como a tiranía da espada suspendeu o exercicio deses dereitos durante moitos séculos, vale mellor pra o propósito de distinción chamarlle o *novo* ca reclama-lo dereito de chamarlle o vello.

A primeira distinción xeral entre estes dous sistemas é que o que agora se chama vello é *hereditario*, quer totalmente, quer en parte. e o novo é plenamente *representativo*. Rexeita todo goberno hereditario:

Primeiro: Por ser un abuso contra a humanidade.

Segundo: Por ser inadecuado para os propósitos para os que o goberno é necesario.

A respecto do primeiro destes epígrafes: Non é posible probar de ningún xeito conforme a qué dereito podería comeza-lo goberno hereditario; nin tampouco existe, abofé, no ámbito dos poderes dos mortais, o dereito a establecelo. O home non ten autoridade ningunha sobre a posteridade en cuestións de dereitos persoais; entón, ningún home, nin conxunto de homes, ten nin pode ter dereito a establece-lo goberno hereditario. Mesmo no caso de que nós propios tornáramos á existencia, en troques de que nos sucedese a posteridade, non teríamos agora o dereito de desprovornos dos dereitos que posteriormente serían nosos. Con qué fundamento, logo, pretendemos arrebatarllos a outros?

Todo goberno hereditario é por natureza tiranía. Unha coroa herdable, un trono herdable, ou sexa o que sexa o nome fantasioso co que se lle chame a ese tipo de cousas, non pode ter outra explicación significativa cá de que a humanidade é unha propiedade herdable. Herdar un goberno é herdar o pobo, coma se fosen greas ou rabaños.

A respecto do segundo epígrafe, o de ser inadecuado para os propósitos para os que o goberno é necesario, só temos que considerar o que é o goberno en esencia, e comparalo coas circunstancias ás que está suxeito o goberno hereditario.

O goberno ten que ser unha cousa que estea sempre en plena madurez. Ten que se construír así para ser superior a tódolos accidentes ós que está suxeito o individuo; entón, a sucesión hereditaria, por estar *suxeita a todos*, é o máis irregular e imperfecto dos sistemas de goberno todos.

Oímos chamarlle ós *Dereitos do Home* sistema *nivelador*<sup>1</sup>; porén, o único sistema ó que se pode aplicar verdadeiramente a palabra nivelador é o sistema monárquico hereditario. É un sistema de *nivelación mental*. Recoñece indiscriminadamente a todo tipo de carácter a mesma autoridade. O vicio e a virtude, a ignorancia e a sabiduría, dito en poucas palabras, toda calidade, boa ou ruín, pónense ó mesmo nivel. Os

---

<sup>1</sup> O autor refírese o seu libro *Rights of Man* (1791). Sobre a importancia e difusión do libro de Thomas Paine indicaba E. P. Thompson, na segunda nota a pé de páxina do capítulo quinto do magnum opus *A formación da clase obreira en Inglaterra*, p. 117: "A primeira parte d'Os dereitos do home tiña un prezo de tres chelíns e vendéronse 50000 exemplares en 1791. En 1802 Paine delcarou que a circulación das dúas partes era de catrocentos ou cincocentosmil exemplares -e na altura de 1809 declarábase que era de un millón e medio de exemplares, mais isto incluía as vendas enormes en Irlanda e as traducións europeas. Inclínome a acepta-la declaración de que se venderon douscentos mil exemplares en Inglaterra, Gales e Escocia (sumando as dúas partes e mailas edicións abreviadas promovidas por clubs locais) de 1791 a 1793, por máis ca R. D. Altick, nos advirta de que "ningunha obra de literatura sobre a actualidade... acadou nunca tal circulación". Véxase *The English Common Reader* (1957), pp. 69-73.

reis sucéndense uns ós outros non en calidade de racionais, senón en calidade de animais. Non importan os seus caracteres morais ou mentais. Imos, logo, sorprendérmolos do estado abxecto da mente humana nos países monárquicos, cando o propio goberno está formado fundándose nun sistema nivelador tan abxecto? Non ten carácter fixo. Hoxe é unha cousa, mañá outra. Cambia segundo o tempero de cada un dos sucesivos individuos, e está suxeito a tódalas variacións de cada un deles. É o goberno por medio das paixóns e accidentes. Amósase por baixo de tódolos caracteres diversos da infancia, a decrepitude e a senilidade, é algo que necesita enfermeira, ramal ou muletas. Invirte a orde da natureza. Ás veces pon nenos por riba dos homes, e as presuncións dos inmaduros por riba da sabiduría e a experiencia. En resumo, non podemos concibir forma de goberno máis ridícula cá que presenta a sucesión hereditaria en tódolos casos.

Se puidese dictarse un decreto da natureza, ou promulgarse un edicto no ceo, e o home puidese ter coñecemento del, no sentido de que a virtude e a sabiduría pertenceran invariablemente á sucesión hereditaria, retirárianse as obxeccións á sucesión; porén, ó vemos que a natureza actúa como se a desposuíse ou bromease co sistema hereditario, cando vemos que o carácter mental dos sucesores, en tódolos países, está por baixo da media do entendemento humano; que un é tirano, outro idiota, o terceiro tolo e algúns as tres cousas xuntas, é imposible confiar nel, cando a razón humana ten poder para actuar.

Non é ó Abade Sieyès a quen necesito aplicar este razoamento; xa me aforrou ese traballo ó da-la súa opinión sobre o caso. Di: “Se me preguntasen cal é a miña opinión a respecto dos dereitos hereditarios, respondería, sen dúbida ningunha, que, en teoría, a transmisión hereditaria de calquera poder ou cargo, nunca pode estar de acordo coas leis da representación verdadeira. A condición hereditaria é, neste senso, tanto un atentado contra o principio coma unha aldraxe á sociedade.” E di logo “Porén, remitámonos á historia de tódalas monarquías e principados electivos: hai algún no que o modo electivo non sexa peor cá sucesión hereditaria?”

Debater cal é o peor dos dous, é admitir ca ambos a dous son ruíns; niso estamos de acordo. A preferencia que expresou o abade é unha condena do que prefire. Ese modo de razoar sobre un tema así é inadmisíble, porque ó cabo equivale a unha acusación contra a Providencia, como se, a respecto do goberno, non lle deixase ó home outra elección ca entre dous males dos cales Sieyès admite que mellor sería “*un atentado ós principios, e unha aldraxe contra a sociedade*”.

Se pasamos por alto, de momento, tódolos males e danos que a monarquía ocasionou no mundo, nada pode demostrar con máis eficacia a súa inutilidade nun estado de *gobierno civil* ca facela hereditaria. Fariamos hereditario un cargo que requirise sabiduría e capacidades para exercelo? E, cando a sabiduría e as capacidades non son necesarias, ese cargo, sexa o que sexa, é superfluo ou insignificante.

A sucesión hereditaria é unha parodia da monarquía. Dálle o aspecto máis ridículo, ó presentala a xeito de cargo que pode exercer calquera neno ou idiota. Ser un mecánico corrente require algún talento; porén, para ser rei, só compre ter a figura animal de home (unha especie de autómatas con respiración). Esta caste de superstición pode durar uns cantos anos máis, pero non poderá resistir moito o espertar da razón e os intereses dos homes.

No tocante ó Sr. Burke, é un rigorista da monarquía, non só por ser pensionado, se é que o é, segundo creo<sup>2</sup>, senón en calidade de home político. Adoptou unha opinión despectiva da humanidade, que, pola súa banda, adoptou a mesma sobre el. Considéraa un rabaño de seres que teñen que ser gobernados por medio da fraude, a efíxie e o espectáculo; e para el un ídolo sería tan boa figura da monarquía coma un home. Sexa como for, fareille xustiza dicindo que, a respecto de América, foi sempre moi gabancioso. Sempre mantivo, polo menos cando o puiden oír, que o pobo de América era máis ilustrado có de Inglaterra ou calquera outro país de Europa e que, entón, a imposición do espectáculo non era necesaria nos seus gobernos.

Aínda que a comparanza entre monarquía hereditaria e electiva, que fixo o Abade Sieyès, é innecesaria para o que nos ocupa, porque o sistema representativo rexeita ambas a dúas, de ter que face-la comapranza eu, decidiría ó revés do que fixo Sieyès.

As guerras civís orixinadas por reclamacións hereditarias disputadas son máis numerosas, máis terribles e de máis duración cás ocasionadas por elección. Tódalas guerras civís que en Francia houbo xurdiron do sistema hereditario: producíronas quer as reclamacións hereditarias, quer a imperfección da forma hereditaria, que admite a rexencia ou a monarquía en andarela. A respecto de Inglaterra, a súa historia está chea das mesmas desgrazas. As disputas pola sucesión entre as casas de York e Lancaster duraron todo un século e outras de natureza similar anováronse dende aquel período. As de 1715 e 1745 foron do mesmo tipo. A guerra de sucesión pola coroa de España enredou case á metade de Europa. Os disturbios en Holanda xeráronse pola condición hereditaria do estatúder. Un goberno que se chama el propio libre, cun cargo hereditario, é coma unha espiña na carne, que produce unha fermentación que tenta expulsala.

---

<sup>2</sup> Os datos históricos probaron que Burke era efectivamente, pensionado da coroa británica. (N. do t.)

Sexa como for, podería proseguir e atribuír tamén as guerras extranxeiras, do tipo que sexan, á mesma causa. É o engadir o mal da sucesión hereditaria ó da monarquía cando se crea un interese familiar permanente, do que os obxectos constantes son o dominio e os ingresos. Polonia, malia ser monarquía electiva, tivo menos guerras cás que son hereditarias; e é o único goberno que fixo un ensaio voluntario, aínda que fose pequeno, de reforma-la condición do país.

Despois desta ollada a uns poucos dos defectos dos sistemas de goberno hereditario, ou vello, permítansenos comparalo co sistema representativo ou novo.

O sistema representativo ten por base a sociedade e civilización, e por guía a natureza, a razón e a experiencia.

A experiencia, en tódolos tempos, en tódolos países, demostrou que é imposible controla-la Natureza na distribución que fai de poderes mentais. Dáos segundo de lle parece. Sexa a que sexa a regra pola que, segundo nos parece, os espárese entre humanidade, tal regra segue sendo secreta para o home. Sería tan ridículo fixa-la condición hereditaria da beleza humana coma fixa-la sabiduría. Sexa o que sexa constitutivamente a sabiduría, é coma unha pranta sen semente; cando aparece pode cultivarse, mais non se pode producir voluntariamente. Hai sempre a suficiente nalgunha parte da masa xeral da sociedade para tódolos fins mais, no tocante ás partes da sociedade, cambia continuamente de lugar. Hoxe xurde nunha, mañá noutra, e o máis probable é que visite rotativamente cada familia da terra, e que se volva retirar.

Por ser esta a orde da natureza, a orde do goberno ten que seguila necesariamente, ou o goberno ha dexenerar, como vemos que fai, e dar na ignorancia. O sistema hereditario, logo, repugna á sabiduría humana tanto coma ó dereito, e é tan absurdo coma inxusto.

Do mesmo xeito cá república das letras realza as mellores producións literarias, ó darlle ó xenio unha oportunidade xusta e universal, o sistema representativo de goberno está calculado para producir as leis máis sabias, ó colleitar sabiduría alá onde se poida atopar. Sorrío para min mesmo cando contemplo a ridícula insignificancia na que se afundirían a literatura e mailas ciencias todas se se fixesen hereditarias; e manteño a mesma idea a respecto dos gobernos. Un gobernador hereditario é tan incongruente coma un autor hereditario. Non sei se Homero ou Euclides tiveron fillos; mais aventurarei a opinión de que, se os tivesen, e deixasen obras inacabadas, ese fillos non poderían completalas.

Necesitamos proba máis clara do absurdo do goberno hereditario, cá que se ve nos descendentes deses homes que acadaron algunha vez a fama en calquera aspecto da vida? Hai, aínda que só fose, un caso no que non se dea unha inversión total do carácter? Parece como se a marea das facultades mentais fluíse tan lonxe como fose posible nalgunhas canles, depois perdese o curso e xurdise noutros. Qué irracional é, logo, o sistema hereditario que establece canles de poder, en compañía dos cales se nega a corre-la sabiduría! Ó facer continuar este absurdo, o home está perpetuamente en contradición consigo; acepta por rei, ou maxistrado supremo, ou lexislador, a unha persoa que non elexiría para axente de policía.

Parécelle á observación xeral que as revolucións crean xenios e talentos; mais tales acontecementos non fan máis ca sacalos á luz. No home existe unha masa de sentido en estado letárxico e que, a non ser que algunha cousa a excite para entrar en acción, baixará con el á tumba nesa condición. Como é para o beneficio da sociedade que o conxunto de tódalas súas facultades teñan uso, a construción do goberno terá que ser tal que poida sacar á luz, por medio do funcionamento tranquilo e regular, toda a extensión da capacidade que nunca deixa de aparecer nas revolucións.

Non pode isto acontecer no estado insípido do goberno hereditario, non só porque o evite, senón porque actúa para atordoar. Cando a mente dunha nación está domeada por calquera superstición política que haxa no seu goberno, como é o caso da sucesión hereditaria, perde unha porción considerable dos seus poderes para tódolos outros asuntos e obxectos. A sucesión hereditaria require a mesma obediencia á ignorancia cá sabiduría; e en canto a mente pode chegar a prestar esta obediencia indiscriminada, desce por baixo da estatura da humanidade mental. Está en condicións de ser grande só nas cousas pequenas. Traiciónase ela propia e abafa as sensacións que impulsan a investigación.

Aínda que os gobernos antigos nos amosan un cadro miserable da condición do home, hai un que por riba der tódolos outros se exime da descrición xeral. Refírome á democracia dos atenienses. Vemos máis cousas dignas de admiración, e menos condenables, nese pobo grande e extraordinario ca en calquera outra cousa da historia.

O señor Burke está tan pouco familiarizado cos principios constituíntes do goberno que confunde democracia e representación. A representación era cousa descoñecida nas democracias antigas. Nelas a masa do pobo reuníase a aprobaba leis en primeira persoa (gramaticalmente falando). A democracia simple non era outra cousa cá sala de asembleas dos antigos. Significa a *forma*, secomasí o principio público do goberno. Segundo medrou a poboación das democracias, e segundo estenderon os territorios, a forma democrática simple fixose incómoda e impracticable; e, como non se coñecía o sistema de representación, a consecuencia foi que ou dexeneraron convulsivamente en monarquías ou ficaron absorbidas nas que xa existían. Se se entendese o sistema de representación, como agora se coñece e

entende, non hai razón para crer que esas formas de goberno, que agora se chaman monárquicas ou aristocráticas, aparecese nunca. Foi a carencia de métodos para consolida-las partes da sociedade, despois de que se fixese populosa de máis, e extensa de máis para a forma democrática simple, e tamén a condición laxa e solitaria dos pastores e vaqueiros noutras partes do mundo, o que ofreceu oportunidades para que eses modos de goberno antinaturais comezasen.

Por ser necesario limpa-la escoura dos erros nos que caeu o asunto do goberno, procederei a indicar algúns outros.

Sempre foi argallada política dos cortesáns e gobernos de corte insultar a unha cousa que chamaron republicanismo; porén, nunca tentan explicar o que fose, ou sexa, o republicanismo. Examinemos o caso un pouco .

As únicas formas de goberno son a democrática, a aristocrática, a monárquica e a que agora se chama representativa.

O que se chama *república* non é ningunha *forma particular* de goberno. É plenamente característico do propósito, asunto ou obxecto para o que se ten que instituír o goberno, ós que se debe aplicar, a RES PÚBLICA, os asuntos públicos, ou ben público; ou, traducido litelalmente, a *cousa pública*. É unha palabra de boa orixe, que refire ó que tería que se-lo carácter e actividade do goberno, e neste sentido oponse naturalmente á palabra monarquía, que ten un significado orixinal ruín. Significa o poder arbitrario que reside nun individuo, no exercicio do cal el propio, e non a *res publica* é o obxecto.

Todo goberno que non actúe atendendo ó principio dunha *República* ou, dito noutras palabras, que non faga da *res publica* o seu pleno e único obxecto, non é goberno bo. O goberno republicano non é outra cousa. O goberno republicano non é máis có goberno establecido e exercido atendendo ó interese do público, tanto individual coma colectivamente. Non está necesariamente conectado con ningunha forma particular, pero asóciase da maneira máis natural coa forma representativa, por ser a mellor calculada para asegura-lo fin pola que unha nación corre cos gastos de mantelo.

Varias formas de goberno compracéronse en se chamar república. Polonia chámase república, que consiste nunha aristocracia hereditaria, e ten que o chaman unha monarquía electiva. Holanda chámase república, é primordialmente aristocrática, cun estatúder hereditario. Porén, o goberno de América, que se funda plenamente no sistema de representación, é a única república verdadeira que existe na actualidade, tanto polo carácter coma pola práctica. O seu goberno non ten outro obxecto cós asuntos públicos da nación, e entón é propiamente unha república; e os americanos preocupáronse de que ISTO, e non outra cousa, sexa sempre o obxecto do seu goberno, o rexeitar todo o que é hereditario, e establecendo o goberno que se funda unicamente no sistema de representación.

Os que dixeron que a república non é unha *forma* de goberno calculada para países de grande extensión confundiron, en primeiro lugar, a *actividade* dun goberno cunha *forma* de goberno, pois a república pertence a todo tipo de territorio e poboación. E, en segundo lugar, se é que queren dicir algo sobre a *forma*, foi a forma democrática simple, como era o modo de goberno nas democracias antigas, nas que non había representación. O caso, logo, non é que unha república non poida ser extensa, senón que non pode ser extensa se ten a forma democrática simple; e a cuestión bótase de ver naturalmente: *Cal é a mellor forma do goberno para conduci-la RES PÚBLICA, ou o os ASUNTOS PÚBLICOS dunha nación, despois de que se faga extensa e populosa de máis para a forma democrática simple?*

Non pode se-la monarquía, porque a monarquía está suxeita a unha obxección do mesmo tipo cá que se facía á forma democrática simple.

É posible que un individuo poida establecer un sistema de principios sobre os cales se poida establecer constitucionalmente un goberno para un territorio de calquera extensión. Isto non é máis ca unha operación da mente, que actúa segundo os seus poderes. Pero a práctica que atende a estes principios, aplicándose ás diversas e numerosas circunstancias dunha nación: a agricultura, manufacturas, comercio, intercambios, etc. require un coñecemento de tipo diferente, e que só se pode obter das diferentes partes da sociedade. É unha composición de coñecementos prácticos, que ningún individuo dá posuído e, entón, a forma monárquica é tan limitada, na práctica útil, pola incompetencia de coñecementos, coma a forma democrática, por causa da multiplicidade da poboación. Unha dexenera, por causa da extensión en confusión; a outra na ignorancia e na incapacidade, da que son proba tódalas grandes monarquías. A forma monárquica, entón, non podería ser substituída da democrática, porque ten as mesmas inconveniencias.

Moito menos podería selo cando se fai hereditaria. Tal é a forma máis eficaz de couta-lo coñecemento. Tampouco podía a elevada mente democrática renderse voluntariamente para que a gobernasen nenos e idiotas, e toda variada insignificancia de caracteres, que concorre nese sistema puramente animal, desgraza e reproche da razón e do home.

No tocante á forma aristocrática, ten os mesmos vicios e defectos cá monárquica, agás que a posibilidade de capacidades é mellor dedibo á proporción dos números, mais aínda así non hai seguridade do correcto uso e aplicación delas.<sup>3</sup>

Remitíndonos, logo, a democracia simple orixinal, obtemo-los datos verdadeiros a partir dos que pode comeza-lo goberno a grande escala. É incapaz de extensión non por mor dos seus principios, senón pola inconveniencia da súa forma; e a monarquía e a aristocracia pola súa incapacidade. Mantendo, logo, a democracia a xeito de fundamento, e rexeitando os sistemas corruptos da monarquía e maila aristocracia, o sistema representativo aparece con naturalidade, remediando á vez os defectos da democracia simple no tocante á forma e, por outra banda, a incapacidade dos outros dous no tocante ó coñecemento.

A democracia simple era a sociedade a se gobernar ela propia sen axuda de instrumentos secundarios. Ó enxertar a representación na democracia chegamos a un sistema de goberno capaz de abranxer e confederar tódolos diferentes intereses e tódalas extensións de territorio e poboación; e iso tamén con vantaxes tan superiores ó goberno hereditario coma as da república das letras sobre a literatura hereditaria.

É neste sistema no que se funda o goberno americano. É a representación enxertada na democracia. Fixou a forma por medio dunha escala paralela en tódolos casos á extensión do principio. O que foi Atenas en minitaura, ha selo América en magnitude. Foi unha a marabilla do mundo antigo, a outra está a se converter na admiración e modelo do presente. É a máis fácil de entender de tódalas formas de goberno, e a máis elixible na práctica; exclúe á vez a ignorancia e a inseguridade do modo hereditario, e a inconveniencia da democracia simple.

É imposible concibir un sistema de goberno capaz de actuar sobre tal extensión de territorio, e sobre tal círculo de intereses coma o que se produce inmediatamente polo funcionamento da representación. Francia, malia ser grande e populosa, non é máis ca un punto para a capacidade do sistema. Adáptase a tódolos casos posibles. É preferible á democracia simple mesmo nos territorios pequenos. Atenas, por medio da representación, superaría a súa propia democracia.

O que se chama goberno, ou máis ben o que teríamos que concibir que é o goberno, non é máis ca un centro común, no que se unen tódalas partes da sociedade. Isto non se pode acadar por ningún método que non sexa tan conducente ós diversos intereses da sociedade coma o sistema representativo. Concentra o coñecemento necesario para o interese das partes, e do todo. Pon o goberno nun estado de madurez constante. Nunca é novo nin vello, como xa se indicou. Non ter que ser obxecto de tutela nin por puerilidade nin por senilidade. Nunca está aínda no berce nin ten que andar xa con muletas. Non admite a sepración entre coñecemento e poder, e é superior, como sempre teñen que se-los gobernos todos, ós accidentes todos do individuo, sendo, logo, superior ó que se chama monarquía.

Unha nación non é un corpo do que a figura teña que ser representada polo corpo humano; porén, é coma un corpo contido nun círculo, que ten un centro común, no que se atopan os radios todos, e ese centro está formado pola representación. Conecta-la representación co que se chama monarquía é goberno excéntrico. A representación é de seu a monarquía delegada da nación, e non pode rebaixarse dividíndoa con outra.

O señor Burke usou dúas ou tres veces, nos seus discursos parlamentarios e nas súas publicacións, un xogo de palabras que non contén ideas. Di, falando do goberno: “É mellor que teña por base a monarquía e o republicanismo de correctivo, có republicanismo de base e a monarquía de correctivo.” Se quere dicir que é mellor corrixi-la insensatez coa sabiduría cá sabiduría coa insensatez, non vou discutir con el máis có seguinte; que sería moito mellor rexeita-la insensatez enteiramente.

Ora ben, que é iso que o señor Burke chama monarquía? Daráa explicado? Os homes todos dan entendido que é a representación e que ten que incluír necesariamente variedade de coñecemento e de talentos. Porén, qué seguridade se ofrece para estas mesmas calidades por parte da monarquía? Ou, cando a monarquía é un neno, onde está, logo, a sabiduría? Qué sabe do goberno? Quen é, logo, o monarca ou onde está a monarquía? Se ten que ser exercida pola rexencia, demostra ser unha farsa. Unha rexencia é unha parodia da república, e a monarquía toda non é merecente de mellor descrición. É unha cousa tan diversa coma poida pintar a imaxinación. Non ten nada do carácter estable que o goberno debe ter. Toda sucesión é unha revolución, e toda rexencia unha contrarrevolución. O conxunto dela é unha escena de perpetuas cábalas e intrigas de corte, da que o propio señor Burke é un exemplo. Para facer que a monarquía fose congruente co goberno, o seguinte na sucesión non debería de nacer neno, senón home feito, e ese home debería ser Salomón. É ridículo que as nacións teñan que esperar, e o goberno interromperse, ata que os nenos medren e se fagan homes.

Que eu teña demasiado pouco sentido para ver, ou demasiado para deixar que abusen de min, que teña demasiado ou demasiado pouco orgullo ou calquera outra cousa, é asunto que non vou discutir; pero o certo é que o que se chama monarquía sempre me parece cousa parva e desprezable. Compároa con algo

---

<sup>3</sup> No tocante ó carácter da aristocracia, remítese ó lector á primeira parte de *Rights of Man*, p. 105 (Nota do autor).

que se garda por tras dunha cortina, sobre a que hai moito rebulicio e cerimonia e un marabilloso aire de aparente solemnidade; porén, cando, por calquera accidente, se abre a cortina, e a compañía ve o que é, botan a rir.

No sistema representativo de goberno non pode pasar nada disto. Coma a propia nación, ten vigor perpetuo, tanto de corpo coma de mente, e preséntase ela propia no teatro aberto do mundo de maneira limpa e baril. Sexan os que sexan os seus méritos e defectos, están á vista de todos. Non existe por fraude e misterio, non trafica con sofismas nin lérias; senón que inspira unha linguaxe que, ó pasar de corazón a corazón, síntese e enténdese.

Temos que pecha-los ollos á razón, temos que degradar vilmente o noso entendemento para non ve-la loucura do que se chama monarquía. A natureza é ordenada en tódalas súas obras, pero a monarquía é un modo de goberno que neutraliza a natureza. Subvirte o progreso das facultades humanas. Somete á idade ó goberno dos nenos, e a sabiduría á insensatez.

Contrariamente, o sistema representativo é sempre paralelo á orde e leis inmutables da natureza e concorda en todo coa razón do home. Por exemplo:

No goberno federal americano, delégase máis poder no presidente dos Estados Unidos ca en calquera outro membro individual do parlamento. Non pode, logo, elixirse para este cargo a ninguén de menos de trinta e cinco anos. A esa idade o xuízo do home madurou, e viviu dabondo para estar familiarizado cos homes e as cousas, e o país con el. Porén, no plano monárquico (á parte das numerosas posibilidades contrarias a que todo ser humano que vén a este mundo obteña premio na lotería das facultades humanas), o sucesor, sexa o que sexa, ponse á cabeza dunha nación, e dun goberno, a idade de dezoito anos. Parece isto un acto de sabiduría? É congruente coa dignidade característica e o carácter baril da nación? Cómo é que pode terse por correcto chamar a un rapaz así pai do pobo? En tódolos outros casos, unha persoa é menor ata a idade de vinte e un anos. Despois deste período, non é que se lle confien uns ferrados de terra, ou a propiedade herdable dunha grea de ovellas, ou unha larada de porcos, senón que se lle confía unha nación á idade de dezaioito anos. Qué marabilla!

Que a monarquía é toda unha burbulla, un puro artificio cortesán para facer diñeiro, é evidente (polo menos para min) calquera que sexa o aspecto que se someta a consideración. Sería imposible, no sistema racional de goberno representativo, presentar unha factura de gastos tan enorme coma a que admite esta fraude. O goberno non é de seu unha institución moi cara. O gasto total do goberno federal de América, fundado, como xa dixen, no sistema de representación, e que se estende sobre un país que é case dez veces Inglaterra, non é máis ca seiscentos mil dólares, quere dicir, centro trintaecincomil libras esterlinas.

Supoño que calquera cun pouco de xuízo ha compara-lo carácter de calquera dos reis de Europa co do xeneral Washington. Porén, en Francia, e tamén en Inglaterra, só o gasto da casa real para pagar a un home é oito veces superior ó gasto total do goberno federal de América. Atoparlle algunha razón a isto parece case imposible. A maioría do pobo en América, nomeadamente os pobres, teñen máis solvencia para pagar taxas cá maioría do pobo en Francia ou Inglaterra.

Porén, o caso é que o sistema representativo difunde tal cantidade de coñecemento por toda a nación, sobre a cuestión do goberno, que fai estoupar a ignorancia e impide o abuso. As argalladas cortesás non se dan perpetrado nese terreo. Non hai lugar para o misterio, non ten por onde empezar. Os que non están na representación saben tanto da natureza do asunto coma os que están. A afectación de importancia misteriosa botaríase de ver. As nacións non poden ter segredos, e os segredos das cortes, coma os dos individuos, son sempre os seus defectos.

No sistema representativo, a razón de cada cousa ten que se amosar publicamente. Todo home é propietario do goberno e considera que é parte necesaria do seu negocio entender. Afecta ós seus intereses, porque afecta á súa propiedade. Examina o custo, e compárao coas vantaxes; e, por riba de todo, non adopta o costume escravo de seguir o que noutros gobernos se chama LÍDERES.

Só cegando o entendemento do home, e facéndolle crer que o goberno é unha cousa marabillosamente misteriosa, obtéñense os ingresos excesivos. A monarquía está ben calculada para asegurar tal fin. É o papado do goberno, unha cousa que se mantén para entreter ós ignorantes, e facer que se calmen e paguen taxas.

O goberno dun país libre, falando propiamente, non reside nas persoas, senón nas leis. Promulagalas non require moitos gastos; e cando se administran, lévase a efecto o goberno civil todo: o resto non é máis ca estrataxema da corte.